

CURSO
2026-2027

ÍNDICE



FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS



CÓXEGAS
PÁXINA 4

ACTIVIDADES



ARTE E CULTURA
PÁXINA 7



DEPORTE
PÁXINA 10



IDIOMAS
PÁXINA 13



INFORMACIÓN ACTIVIDADES
PÁXINA 14



CHORUS
PÁXINA 15

NOVIDADE!



CONDICIÓN Xerais DE PARTICIPACIÓN
PÁXINA 17

PROPOSTA DE LE CER EDUCATIVO

CURSO
2026-2027



FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS

Como parte do noso compromiso coas ANPAs e as súas familias, un dos nosos principais propósitos é organizar actividades que comparten o obxectivo de promover un desenvolvemento integral na mocidade, abarcando tanto o aspecto físico como o socioemocional. No noso enfoque, o xogo e a diversión son fundamentais, dado que operamos no tempo libre dos participantes.

Para o curso 2026/27, baixo o convenio de colaboración co Concello da Coruña, ofrecemos unha ampla gama de programas, denominados “PROGRAMAS LE CER”, deseñados para realizarse nos centros educativos coa cooperación dos seus equipos directivos e as ANPAs. Nesta edición, a oferta amplíase coa incorporación de CHORUS, un programa educativo e cultural centrado no canto coral infantil. Esperamos que esta ampla variedade de opcións sexa de voso agrado.

INFORMACIÓN

 Federación Provincial ANPAS. Rúa Orzán, 21 - 15001 A Coruña

 actividades@fedapascoruna.org

 www.fedapascoruna.org - <http://www.coruna.gal/educacion>

 981 202 002

 @fanpascoruna





CÓXEGAS ofrece unha solución para a conciliación familiar e laboral no propio centro educativo ao longo de tres semanas no mes de setembro. Os participantes realizarán xogos, deportes e actividades lúdicas participando nunha emocionante aventura onde se promoven hábitos e normas de convivencia e se fomentan o desenvolvemento cognitivo, psicomotor e social.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 9 ao 30 de Setembro

PROGRAMA DIRIXIDO A

Educación Infantil e Primaria

HORARIO A ESCOLLER

Luns a venres de 16:00 a 17:00 h.

Luns a venres de 16:00 a 18:00 h.

Non haberá opción de incorporarse á actividade ás 17:00 h

PREZO

25€ por participante

Desconto do 50% nos beneficiarios da beca comedor.

Pago obligatorio seguro accidentes: 5€

INSCRIPCIÓN

Do 1 de xullo ata o 2 de setembro (ata ás 12:00 h

<https://app.fedapascoruna.org/login>

Para formalizar a inscrición, deberase facer o pagamento por transferencia bancaria á conta:



ES13 2080 0000 7730 4030 0141

Titular de conta: Federación provincial de apas de centros públicos de la coruña

Concepto: nome e apelidos do alumno/a e o colexio.

(Sube o xustificante en "Inscripcións realizadas" no panel de familias)

ACTIVIDADES FEDAPAS





ARTE E CULTURA ofrece unha experiencia educativa completa que complementa a xornada escolar dos nenos e nenas, favorecendo o seu desenvolvemento integral a través de propostas artísticas e culturais. A través da experimentación, a expresión corporal, o teatro ou as artes plásticas, os participantes exploran a súa creatividade, desenvolven habilidades emocionais e comunicativas, e descubren distintas formas de expresión persoal. Todo isto nunha contorna lúdica, participativa e respectuosa, onde o importante é experimentar, crear e gozar da cultura desde a infancia.

DIRIXIDO A

Ed. Infantil e Primaria organizados en:

- 4º, 5º E 6º EDUCACIÓN INFANTIL
- 1º, 2º E 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
- 4º, 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

OBRADOIROS

	ED. INFANTIL	1º- 3º PRIMARIA	4º- 6º PRIMARIA
Xogos dramáticos	TEATREIROS	EN ESCENA	COMEDIANTES
Lóxica matemática	COMECOCOS	XENIOS	ESCAPE ROOM
Ciencia e maxia	EUREKA!	ABRACADABRA	ESCOLA DE MAXIA
Expresión plástica	MANITAS	DESEÑO DE SEU	RECREARTE
Novas tecnoloxías		ENREDADOS 1	ENREDADOS 2
Lingua de signos (1 hora/semanal)	MANS QUE FALAN 1	MANS QUE FALAN 2	MANS QUE FALAN 3

XOGOS DRAMÁTICOS

Teatreiros: Obradoiro que mestura contacontos e teatro. A través de historias coñecidas, os nenos e nenas dramatizan, expresan emocións e desenvolven a súa imaxinación e oralidade nun ambiente lúdico e creativo.

En escena: Actividade que combina animación á lectura con iniciación teatral. A partir de contos e escenas adaptadas, os participantes melloran a expresión oral, a comprensión lectora e aprenden as bases da interpretación.

Comediantes: Obradoiro teatral centrado no humor, onde os nenos e nenas crean e interpretan sketches, escenas cómicas e monólogos. Fomentan a creatividade, a expresión persoal e a confianza no escenario.

LÓXICA MATEMÁTICA

ComeCocos: A partir de xogos visuais, ilusións ópticas e pequenos crebacabezas, introdúcese ao alumnado nun universo lúdico onde desenvolven a capacidade de observación, atención e memoria, ao tempo que se fomenta a curiosidade e o pensamento lóxico desde as primeiras idades.

Xenios: Mediante xogos de estratexia e retos intelectuais adaptados á súa idade, os participantes exercitan o razoamento lóxico, a toma de decisións e a resolución de problemas, sempre desde unha perspectiva divertida e colaborativa.

Escape Room: Propostas baseadas en enigmas, pistas e desafíos cooperativos invitan ao traballo en equipo e á creatividade. A través da resolución de situacións complexas, estímúlase o pensamento crítico e a capacidade de afrontar retos de maneira activa e imaxinativa.

CIENCIA E MAXIA

Eureka!: En Educación Infantil, os nenos e nenas achéganse ao mundo da ciencia dun xeito lúdico e participativo. Mediante experimentos sinxelos, observación directa e xogos sensoriais, desenvolven a curiosidade natural, o pensamento crítico e a capacidade de facer preguntas sobre o mundo que os rodea.

Abracadabra: A ciencia combínase con elementos sorprendentes e misteriosos. A través da creación de efectos aparentemente máxicos, explóranse conceptos científicos de forma divertida, fomentando a creatividade, a dedución lóxica e a capacidade de sorprenderse coa aprendizaxe.

Escola de maxia: Os participantes afondan en trucos, ilusións ópticas e pequenos enigmas que espertan o interese pola ciencia e a maxia. Ao tempo que aplican o método científico, desenvolven habilidades mentais e coordinación motora, traballando tamén a expresión e a confianza en si mesmos.

EXPRESIÓN PLÁSTICA

Manitas: Os máis pequenos experimentan con materiais diversos, cores e texturas, desenvolvendo a motricidade fina e estimulando a súa imaxinación. Nun ambiente lúdico e libre, cada neno e nena da forma as súas ideas dun xeito único e persoal.

Deseño de seu: A medida que medran, introdúcense en técnicas específicas como o macramé, a costura creativa ou o estampado. Aprenden a transformar materiais en obxectos decorativos ou accesorios feitos por eles mesmos, desenvolvendo o gusto estético, a precisión manual e a autonomía creativa.

RecreArte: Nun entorno colaborativo e aberto á experimentación, exploran unha ampla variedade de técnicas artísticas como a encadernación, o estampado ou o traballo con tecidos e papel. Potencian a súa capacidade de expresión persoal e artística mentres comparten ideas, procesos e resultados co grupo.

NOVAS TECNOLOXÍAS

Enredados 1: Primeiros pasos co ordenador: manexo básico, creación de documentos sinxelos e uso responsable das tecnoloxías.

Enredados 2: Aprendizaxe de presentacións, edición de textos e navegación segura, fomentando a autonomía e o uso crítico da tecnoloxía.

A realización do obradoiro ENREDADOS require que o centro educativo poña á disposición os medios tecnolóxicos necesarios.

LINGUA DE SIGNOS (ACTIVIDADE DE 1 HORA)

Mans que falan 1: Aprenderán os primeiros signos a través de xogos, cancións e expresión corporal, mellorando a atención e desenvolvendo o respecto pola diversidade.

Mans que falan 2: Ampliarán vocabulario en lingua de signos con actividades manuais e dinámicas divertidas, reforzando a memoria, a empatía e a cooperación.

Mans que falan 3: Profundarán na comunicación en lingua de signos mediante xogos e retos por equipos, potenciando habilidades sociais e valores inclusivos.

Poderanse solicitar outros obradoiros e a Federación Provincial de ANPAS avaliará estas propostas para decidir a súa realización.



DEPORTE NO CENTRO promove o poder do deporte para o desenvolvemento completo da rapazada, xa que non só fomenta a actividade física, senón que tamén ensina valores e habilidades fundamentais. Os obxectivos principais son o disfrute, a participación inclusiva, os hábitos saudables, o desenvolvemento de habilidades e o uso positivo do tempo de lecer. A nosa metodoloxía activa garante que todo o alumnado estea cómodo e goce plenamente das actividades, independentemente do seu nivel.

DIRIXIDO A

- Ed. Infantil e Primaria organizados en:
 - 4º, 5º E 6º EDUCACIÓN INFANTIL
 - 1º, 2º E 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
 - 4º, 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA
- E.S.O. - BACHARELATO - F.P.

ESCOLAS DEPORTIVAS

ED. INFANTIL

XOGOS E MOVEMENTO

XOGOS DE TABOLEIRO

PRE-PATINAXE 1
(SÓ 5º E 6º E.I.)

XOGOS TRADICIONAIS 1

PEQUEXOGOS

1º- 3º PRIMARIA

RITMO

PRE-ATLETISMO
PRE-BALONCESTO
PRE-BALONMÁN
PRE-FÚTBOL
PRE-HÓCKEI SALA
PRE-VOLEIBOL
DEPORTES DE RAQUETA
PREDEPORTE

PRE-XADREZ

PRE-PATINAXE 2
PRE-HÓCKEI PATÍNS

XOGOS TRADICIONAIS 2

XOGAPRO

4º- 6º PRIMARIA

BAILE MODERNO
XIMNASIA RÍTMICA

ATLETISMO
BALONCESTO
BALONMÁN
FÚTBOL
HÓCKEI SALA
VOLEIBOL
DEPORTES DE RAQUETA
MULTIDEPORTE

XADREZ

PATINAXE ARTÍSTICA
HÓCKEI PATÍNS

DEPORTES ALTERNATIVOS

XOGAMÁSTERS

ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS

Xogos e movemento: Primeiro contacto co exercicio físico a través de xogos libres e dinámicos que desenvolven a motricidade, a coordinación e o gusto polo movemento.

Ritmo: Actividade con música e movemento que favorece a coordinación, a expresión corporal e o sentido do ritmo mediante xogos e coreografías sinxelas.

Predeporte: Iniciación aos deportes con xogos que traballan habilidades básicas como equilibrio, forza e coordinación, promovendo tamén o respecto polas normas e o traballo en equipo.

Actividades deportivas específicas (individuais e colectivas): Orientadas a perfeccionar habilidades motrices, aprender regras de xogo e reforzar valores como o esforzo, a cooperación e o respecto.

PENSAMENTO E ESTRATEXIA

Xogos de taboleiro: Xogos sinxelos que desenvolven a atención, a memoria e a socialización, aprendendo a seguir normas e respectar as quendas.

Pre-xadrez: Introducción ao xadrez a través de xogos e dinámicas adaptadas que traballan o pensamento lóxico, a concentración e a planificación de forma lúdica.

Xadrez: Práctica do xadrez como actividade que potencia a estratexia, a toma de decisións e a resolución de problemas, promovendo tamén a paciencia e o respecto ao rival.

PATINAXE

Pre-patinaxe 1: Primeiro contacto co patinaxe mediante xogos que desenvolven o equilibrio, a coordinación e a confianza sobre rodas, en espazos seguros e adaptados.

Pre-patinaxe 2: Continuación da iniciación ao patinaxe, cunha maior autonomía e control do movemento. Trabállanse aspectos básicos de deslizamento, xiros e freado dun xeito lúdico.

Pre-hóckey patíns: Actividade de iniciación ao hóckey adaptada ás primeiras idades, na que se desenvolven habilidades básicas de coordinación, equilibrio e manexo do stick a través de xogos e dinámicas divertidas.

Patinaxe artística: Disciplina que combina técnica de patinaxe con expresión corporal e coreografías, traballando a coordinación, a postura e a creatividade.

Hóckey patíns: Modalidade colectiva sobre patíns onde se aprende o manexo do stick, o xogo en equipo e as regras básicas do deporte, combinando velocidade, precisión e estratexia.

En todas as modalidades de patinaxe e hóckey é obrigatorio levar os patíns e as proteccións de seguridade axeitadas (casco, xeonlleiras e bonequeiras) que non serán proporcionadas pola Fed. Prov. de ANPAS. Os escolares que non as leven non poderán patinar.

XOGOS TRADICIONAIS E DEPORTES ALTERNATIVOS

Xogos tradicionais 1: Xogos populares adaptados aos máis pequenos que fomentan a participación, a motricidade básica e o respecto polas normas, recuperando a tradición lúdica.

Xogos tradicionais 2: Versións máis completas dos xogos populares, con regras máis estruturadas, que traballan a coordinación, a socialización e o espírito colectivo a través do xogo tradicional.

Deportes alternativos: Actividades deportivas menos convencionais (como o ultimate, kinball, colpbol ou pickleball...), que ofrecen novas experiencias, promoven a inclusión e estimulan a creatividade e o xogo en equipo.

ACTIVIDADES DE 1 HORA OS VENRES


PequeXogos: Actividade baseada en xogos de movemento, coordinación e iniciación ao xogo en grupo. Os máis pequenos exploran o seu corpo, aprenden normas básicas e comparten momentos de xogo nun ambiente divertido e seguro.

XogaPro: Xogos e predeporte orientados á práctica de partidillos, retos e dinámicas por equipos. Unha forma de achegarse ao deporte aprendendo a respectar regras, colaborar e participar nunha contorna motivadora.

XogaMásters: Os nenos e nenas experimentan distintos deportes (a escoller polo grupo ou pola ANPA) e roles dentro do xogo, reforzando valores como a cooperación, a superación persoal e o espírito deportivo.

As ANPAS dos IES poderán solicitar as mesmas modalidades deportivas propostas para o último tramo de Educación Primaria.

Poderanse solicitar outros deportes sempre que o centro teña as instalacións adecuadas. A Federación Provincial de ANPAS avaliará estas propostas para decidir a súa realización.



IDIOMAS NO CENTRO promove a aprendizaxe de inglés ou francés nun ambiente lúdico e participativo. Os participantes desenvolven a expresión oral, a escoita e a conversación a través de xogos e dinámicas adaptadas aos seus intereses.

ENGLISH LAB

Inmersión en inglés para todas as franxas de idade, baseada na escoita activa e na expresión oral. En Infantil e Primaria, o obxectivo principal é desenvolver a seguridade e a fluidez no uso do idioma; mentres en Secundaria, promóvese a inmersión na lingua a través de conversas e debates adaptados aos centros de interese de cada grupo.

DIRIXIDO A

Ed. Infantil, Primaria e E.S.O organizados en:

- 4º, 5º e 6º Educación Infantil
- 1º, 2º e 3º Educación Primaria
- 4º, 5º e 6º Educación Primaria
- 1º e 2º E.S.O.
- 3º e 4º E.S.O.

ON PARLE

Programa de francés como terceira lingua, destinado tanto a principiantes como a aqueles participantes con algo de experiencia neste idioma. O obxectivo é fomentar a comprensión e a expresión oral adaptado a cada nivel nun entorno motivador.

DIRIXIDO A

Ed. Infantil, Primaria e E.S.O organizados en:

- 4º, 5º e 6º Educación Primaria
- 1º e 2º E.S.O.
- 3º e 4º E.S.O.

INFORMACIÓN



PERÍODO DE REALIZACION

1 Outubro ao 21 de Xuño

INSCRICIÓN

Do 1 de xullo ata o 14 de setembro (ata ás 23:59 h)

<https://app.fedapascoruna.org/login>

HORARIO

2 sesións semanais de 1 hora, en días alternos entre as 16:00 e as 18:00h, segundo a planificación da ANPA.

As actividades MANS QUE FALAN, PEQUEXOGOS, XOGAPRO e XOGAMÁSTERS contarán cunha única sesión semanal de 1 hora.

PREZO POR MES

ARTE E CULTURA

10 € cada obradoiro

DEPORTE

10 € cada escola deportiva


IDIOMAS

15 € cada actividade

Actividades dunha hora/semana: 5€

Desconto do 50% nos beneficiarios da beca comedor.

Pago obligatorio seguro accidentes: 5€.





CHORUS é un programa educativo e cultural do Concello da Coruña para a formación de coros infantís. Iniciouse no curso 2025/2026 nos centros educativos e desenvolveuse en horario lectivo, cunha ampla participación e a implicación de centros escolares e formacións musicais de referencia.

Nesta nova edición, incorpora a colaboración da Federación Provincial de ANPAS, integrándose nas actividades extraescolares para facilitar a participación das nenas e nenos interesados.

OBXECTIVO DO PROGRAMA

Promover o aprendizaxe do canto coral en nenas e nenos a través dunha experiencia participativa que desenvolva a escoita, a expresión musical e o traballo en equipo, culminando nun gran concerto no Coliseum da Coruña e nun concerto final para familias. O programa está baixo a coordinación de Fernando Briones, profesor do Conservatorio Superior de Música da Coruña e director titular da Orquestra e coro GAOS.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

1 de Outubro ao 21 de Xuño

PROGRAMA DIRIXIDO A

3º a 6º Educación primaria

HORARIO

1 sesión semanal de
16:00 a 17:30h,
segundo a planificación da ANPA.

PREZO POR MES

10€ por participante
Desconto do 50% nos beneficiarios da
beca comedor.
Pago obligatorio seguro accidentes: 5€


INSCRICIÓN

Do 1 de xullo ata o 14 de setembro (ata ás 23:59 h)
<https://app.fedapascoruna.org/login>



MÁIS INFORMACIÓN
DO PROGRAMA CHORUS

CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN



REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Estar matriculado/a nun centro público do Concello da Coruña no curso 26/27.
- Facer a solicitude en liña nos prazos establecidos ao efecto.
- Consideraránse **non** válidas:
 - 1.As inscricións en dúas actividades que **coincidan** no mesmo horario.
 - 2.As inscricións na mesma actividade ofrecida en dous horarios distintos para o mesmo grupo de idade.

REQUISITOS DE SEGURIDADE

- Os escolares participantes deberán respectar as normas de seguridade e seguir en todo momento as indicacións dos educadores responsables das actividades, que poderán limitar ou prohibir a participación en caso de condutas que poidan supoñer un risco para si mesmos/as ou para terceiros.
- En todas as modalidades de patinaxe e hóckei é obrigatorio levar os patíns e as proteccións de seguridade axeitadas (casco, xeonlleiras e bonequeiras) que non serán proporcionadas pola Fed. Prov. de ANPAS. **Os escolares que non as leven non poderán participar na actividade.**

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- A oferta de programas e a selección de actividades de cada centro será determinada pola súa ANPA, conforme á proposta de Lecer e deberá ser aprobada polo Consello Escolar.
- A Federación de ANPAs valorará a viabilidade das actividades e poderá propoñer alternativas nos seguintes casos:
 - 1.Non se acade o número mínimo de participantes para constituir os grupos.
 - 2.Se un grupo xa iniciado queda por debaixo do número mínimo de participantes, ben por baixas ou por ausencias reiteradas e non xustificadas que poñan en risco a viabilidade da actividade, o grupo poderá ser pechado.
 - 3.O persoal, materiais ou instalacións non sexan as axeitadas.

NÚMERO DE PARTICIPANTES POR GRUPO

- O número mínimo de participantes por grupo na actividade determinarase segundo a seguinte proporción baseada na cantidade de alumnado matriculado no centro:
 - Liña 1: 8 participantes (7 en centros con menos de 100 alumnos/as)
 - Liña 2: 9 participantes.
 - Liña 3: 10 participantes.
- Ratios máximas por grupo:
 - Educación Infantil: ata 12 participantes.
 - Educación Primaria: ata 15 participantes.

As ratios por grupo poderán adaptarse segundo criterio técnico e información das ANPAs.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

No caso de existir limitacións por razóns organizativas ou de espazo, as prazas asignaranse por rigorosa orde de inscrición.

INCLUSIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS

- Na solicitude de inscrición deberase indicar o tipo de necesidade educativa, se ten diagnóstico ou se precisa atención individualizada.
- A Federación Provincial de ANPAs valorará a viabilidade da súa inclusión no grupo.

BECAS COMEDOR

- Para beneficiarse do desconto, deberase indicar o código de asiento da beca na solicitude.
- En caso de perda dos dereitos á beca, será obrigatorio aboar o 100% das cotas pendentes dende a perda do dereito.

NORMAS DE CONVIVENCIA

- Os participantes deberán cumprir as normas de convivencia do centro e manter unha actitude respectuosa.
- O incumprimento activará o protocolo disciplinario correspondente.

ALTAS E CAMBIOS DE ACTIVIDADE

- As solicitudes de alta nova ou cambio de actividade deberán facerse por escrito vía correo electrónico: actividades@fedapascoruna.org
- Prazos para solicitar altas novas ou modificacións de actividade:
 - **ACTIVIDADES (ARTE E CULTURA, DEPORTE, IDIOMAS) E CHORUS:** Ata o día 20 do mes anterior
 - **CÓXEGAS:** Ata o 2 de setembro ás 12:00 h.
- As altas novas e cambios de actividade quedarán supeditadas á existencia de prazas na actividade nova solicitada é o criterio técnico.

BAIXAS

- As solicitudes de baixa deberán facerse por escrito vía correo electrónico: actividades@fedapascoruna.org
- Prazos para solicitar a baixa:
 - **ACTIVIDADES (ARTE E CULTURA, DEPORTE, IDIOMAS) E CHORUS:** Ata o día 20 do mes anterior
 - **CÓXEGAS:** Ata o 2 de setembro ás 12:00 h.
- As solicitudes de baixa fóra de prazo implicarán o aboamento da cota na forma habitual.
- No caso de devolución da cota, os gastos derivados da xestión bancaria engadiranse na cota a aboar.
- O impago da cota entenderase como baixa na actividade, non se poderá acceder a outras actividades ou programas ata estar ao corrente de pago.

CONDICIÓN CÓXEGAS

- Ratio mínima: 10 participantes.
- Se hai un único grupo, poderá estar formado por escolares de distintas etapas educativas.
- As familias deberán aboar a cota no momento de formalizar a inscrición.
- Garantírase a devolución da mesma se:
 1. Se comunica a baixa dentro do prazo establecido.
 2. Non se acada o mínimo de 10 participantes para formar grupo.
 3. Se produce unha causa de forza maior.
- O impago da cota entenderase como renuncia á praza.